



CIRCULAR 37 – 2024.

XV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE 10KM RUTA ABSOLUTO, SUB20, SUB23 E MÁSTER.

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Concello de Xinzo de Limia, organiza o Campionato Xunta de Galicia de 10 km Ruta Absoluto, Sub 20, Sub 23 e Máster o día 10 de marzo de 2024 no concello de Xinzo de Limia.

Art.2).- Poderán participar atletas, de Sub 20 en diante, con licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 4 de marzo.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase no Polideportivo de Xinzo de Limia ata 30' antes do inicio da proba.
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.6).- Horario e lugar de saída:

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	PECHE CONTROL
10:40	11:10	11:20	12:30

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado.

Localización da saída: <https://maps.app.goo.gl/FFrpSodJTnFDwPro8>



Art. 7).- As reclamacións deberán facerse de forma verbal ó/á xuíz árbitro da proba, como máximo, ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art.8).- Premios:

- Os/as tres primeiros/as atletas Absolutos, Sub 20, Sub 23 e de cada categoría Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 26 de xaneiro de 2024

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo